



## ANEXO

### MECANISMOS DE MODERACIÓN DE CUSTOS

Tal e como se establece na Cláusula Sexta, as actuacións descritas no presente convenio, estarán sometidas a un sistema axeitado de avaliación de custos:

#### 1. PERSOAL

O persoal propio da asociación está formado por técnicos superiores e persoal administrativo, os cales teñen unha dedicación parcial ao convenio distribuída do seguinte xeito:

- 1 Secretario executivo, supervisor do programa ao 30%
- 1 Técnico veterinario coordinador do programa ao 50%
- 2 Técnicos veterinarios de campo ao 50%
- 2 Administrativos ao 30%

Os técnicos participantes contarán con ampla experiencia e coñecementos demostrados no sector. As actuacións previstas a realizar polo persoal propio son as sinaladas no cadro de previsión que se achega. A asignación de custos ven determinada polo tempo de ocupación que dedican ao convenio, mentres que os importes dos salarios estimanse segundo os convenios sectoriais.

#### 2. XESTIÓNS COAS GANDERIAS E INCORPORACION DE ANIMAIS PARA O PROGRAMA.

Os prezos unitarios por animal incorporado ao Programa, e os pagos compensatorios realizados aos gandeiros polo traballo realizado e os riscos asumidos, estimanse segundo a seguinte relación:

- 100 € por animal nado de embrións do Programa que sexa inscrito no Rexistro de Nacementos da sección principal do Libro Xenealóxico.
- 300 € por xovenca nada de embrións e recriada ata a idade de 9 meses considerada válida para o Programa.
- 1.500 € por macho procedente dun apareamento contratado e incorporado ao Centro de valoración individual de sementais.
- 300 € por femia sometida a un proceso de superovulación, co compromiso da cesión de 6 embrións a ACRUGA.
- 100 € por cada un dos embrións implantados do Programa.



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
DIRECCIÓN XERAL DE GANDARÍA, AGRICULTURA E  
INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS

Santiago,

17 XUÑ. 2016

DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente fotocopia é fiel e exacta reprodución do seu orixinal.

Asdo.: María del Carmen Louzao Soto



### 3. GASTOS FACULTATIVOS

Os custes dos equipos externos empregados para os traballos de transferencia embrionaria, valoraranse atendendo aos custes de mercado e criterios de eficiencia e loxística, por tratarse de traballos de gran especificidade e cunha oferta no mercado moi reducida.

Para o resto dos gastos facultativos, necesarios para cubrir as necesidades de desenvolvemento das actuacións do convenio (analíticas, renting de vehículos, comunicacións, etc), o control de custos avaliarase en todos os casos mediante a comparativa de tres ofertas diferentes, as cales procederán en todos os casos de provedores acreditados e independentes. As ofertas serán detalladas e incluírán os mesmos elementos para facilitar a súa comparación. Consideraranse aquelas que ofrezan a mellor relación de calidade do servizo ou material, en relación co prezo das mesmas. No caso de non escoller a proposta económica máis vantaxosa deberán xustificarse expresamente nunha memoria as motivacións desta elección.

De acordo co establecido no artigo 48 do Regulamento de execución (UE) 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, no que se establecen disposicións relativas aos controis, os controis administrativos incluírán a comprobación por parte da unidade xestora do sistema empregado para a moderación de custos.



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
DIRECCIÓN XERAL DE GANDARÍA, AGRICULTURA E  
INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS

Santiago,

17 XUÑ. 2016

DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente fotocopia é fiel e exacta reprodución do seu orixinal.

Asdo.: María del Carmen Louzao Soto



## CADRO DE PREVISIÓN DE ACTUACIÓNS E CUSTOS ANUAIS

Os importes por concepto e tipo de gasto reflectidos no cadro corresponden a cálculos de custos estimados durante cada un dos catro anos de vixencia do convenio, que poderán ser obxecto de variacións no momento da xustificación das actuacións, en función das actividades desenvolvidas e os obxectivos acadados.

| CONCEPTO                                                                                                                                                                                                                                                   | TIPO DE GASTO                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             | IMPORTE                                               |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------|
| <b><u>1. PERSOAL TÉCNICO E ADMINISTRATIVO:</u></b><br><br>1 Secretario executivo, supervisor do programa ao 30%<br><br>1 Técnico veterinario coordinador do programa ao 50%<br><br>2 técnicos veterinarios de campo ao 50%<br><br>2 administrativos ao 30% | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Deseño, elaboración e programación de actuacións.</li> <li>- Selección de machos e femias.</li> <li>- Avaliación morfolóxica, reprodutiva, funcional, da duración de xestacións e xenealóxica das femias.</li> <li>- Creación dos cuestionarios, documentos de traballo, interpretación de datos.</li> <li>- Cumprimentación das fichas técnicas</li> <li>- Realización dos apareamentos correctivos</li> <li>- Asistencia veterinaria.</li> <li>- Seguimento e supervisión das actuacións</li> <li>- Control no campo das valoracións</li> <li>- Selección e acordos coas ganderías colaboradoras</li> <li>- Realización de informes</li> </ul> | 65.000€                                               |
| <b><u>2. XESTIÓN COAS GANDERÍAS E INCORPORACIÓNS DE ANIMAIS</u></b>                                                                                                                                                                                        | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Superovulación de femias</li> <li>- Implantación de embrións</li> <li>- Incorporación de animais ao programa (gastos coas ganderías colaboradoras)</li> <li>- Recría de femias élite con compromiso de cesión de embrións</li> <li>- Pago animais para valoración individual</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          | 4.500 €<br>5.000 €<br>14.500 €<br>6.000 €<br>35.000 € |
| <b><u>3. GASTOS FACULTATIVOS</u></b>                                                                                                                                                                                                                       | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Probas analíticas.</li> <li>- Análises xenéticas.</li> <li>- Equipos externos de transferencia embrionaria (E.T.)</li> <li>- Desprazamentos do persoal técnico (rentings, combustible, etc)</li> <li>- Enerxía e comunicacións</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        | 2.000 €<br>500 €<br>18.000 €<br>3.000 €<br>1.500 €    |
| <b>TOTAL ESTIMADO</b>                                                                                                                                                                                                                                      |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           | <b>155.000€</b>                                       |



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
DIRECCIÓN XERAL DE GANDARÍA, AGRICULTURA E  
INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS

Santiago,

17 XUÑ. 2016

DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente fotocopia é fiel e exacta reprodución do seu orixinal.

Asdo.: María del Carmen Louzao Soto

Asdo.: María del Carmen Louzao Soto